

PIRAGUAS MARINEIRAS.

I Xeira de kayak de mar



Nel número anterior brindábase unha visión nova e diferente dos nosos ríos: a que se pode contemplar e disfrutar dende unha piragua. Thomas Schmidt, un experto neste tipo de actividades deportivas e de tempo libre, achegábase ás posibilidades que nos pode dar o kayak ou piragua, que dos dous xeitos se lle chama a esta embarcación tan llixera e que tan ben pode chegar a tantos sitios. D'esta volta, Schmidt fálanos d'una experiencia nova en Asturias que deixa claro que o mar, a costa, cos seus penedos, as súas olgas, as súas pedras, é outro medio ao xeito para practicar este deporte tan guapo.

↓ Thomas Schmidt

Os días 21 e 22 de xuño, a costa occidental d'Asturias foi o escenario da *Primeira xeira en kayak de mar*, organizada pola asociación cultural Xeira e a empresa de actividades de natureza Ondabrava. Entre as rías de Navia e do Eo hai sitios ben guapos pero que ás veces son malos de chegar.

Hasta agora só os máis atrevidos porcebeiros, dalgúns marneiros e uns poucos e afortunados piragüistas de mar foron quen a descubrir covas e ribeiros desconocidos para a maioría da xente. Así nado a idea de organizar un encontro entre especialistas en rutas polas costas de toda a Península e tamén xente inexperta.

A partir d'esa idea empezou o traballo de poñer en marcha unha xeira ben organizada e non competitiva, unha xeira entre xente afeccionada a esta modalidade que se desconocía en Asturias. Por non ter antes nunca unha actividade destas características tivemos varias dificultades administrativas, pero puideron sostense as ganas de ofrecer algo moi especial a os participantes da *I Xeira*.

Chantando as tendas

Escoyouse poñer o campamento na praia de Porcía (El Franco), sitio que resultou ser ben ao xeito para valer de base a unha actividade como o kayak de mar:

ademais de ser moi guapo, é moi bo d'embarcar porque é moi defendido da folaxe. Oficialmente pidíuse permiso d'acampada no campo arriba da praia porque era unha actividade de ocio non lucrativa, e para eso tivemos todas as facilidades por parte do Concello de Franco. Entre elas tivo tamén a d'amañar unha carpas onde acoyer a os motivos participantes que chegaban de Galicia, Cantabria, León e Asturias.

Os primeiros piragüistas xa veron os vernos de noite para montar as tendas de campaña no campo da



Un piragüista ben novo remando lonxe da costa



Os participantes delante das arribadas de Campos (Tapia)

praya, dende unde podían ter úas vistas impresionantes da costa y da desembocadura del Porcía.


El sábado ameicéu con un sol espléndido que nos había acompañar todo el fin de semana. Tíamos un almuerzo curioso y rico gracias al axuda de varias empresas da zona: fía falta lleite, queixo, mel y búas fogazas de pan pra encariarse col primeiro día que nos aguardaba con us 20 kilómetros pra remar. A xente foi amañando as embarcacióis y poñendo a punto todos os tarecos precisos prá navegación, ademáis d'emboutarse con úa búa ración de protector solar.

¡Ás piraguas!

Ei camín das doce, de mar vazo, embarcaron na praya úas trenta piraguas de todos os colores, con úa y dúas prazas, poñendo rumbo hacía a Ría del Eo. Acompañaban a os piragüistas lanchas particulares d'apoyo. El mar nun podía tar máis tranquilo y gracioso, cousa que facilitóu qu'un peteiro de rapaces da zona foran iniciais na practica del kayak de mar. Ondabrava deixóuyes úas piraguas pra que puderan participar na xeira.

El grupo foi remando axeitín al son das arribadas, acompañaos pol grayido de gaviotas, corvos maríos y llamparegos. Atrás iban quedando sitios tan guapos y de nome tan sonoro como Fanfoliz, Pescazón, El Figo, A Puntúa ou El Cabo Sebes.

Desde pasamos el faro de Tapia deixando por fora El Horro y As Porcebosas, as piraguas entraron nel muelle de Tapia, unde espertaron abonda curiosidá y interés entre tapiegos y turistas que pasaban tomando el sol da mañá. Al colorido de sempre de lanchas y chalanos ameciáanse agora os colores chamadeiros dos kayak y da roupa deportiva. Axina quedaron todas as embarcacióis pousadas nel xogal pra tomar as once, qu'allí taba el apoyo por terra da organización cuas bolsas de comida. Tamén aprovecharon pra xuntarse col grupo dalgús que nun chegaran a tempo á salida en Porcía.



El grupo embocando a ría cúa Ponte dos Santos al fondo

En Tapia paróuse pouco tempo porque a xanta taba trazo fella na praya da Mixota, un sito mui guardao del mar, cousa ben importante al hora de desembarcar. A verdá é que pagóu a pena a pouxa que fixemos: a tranquilidá del escenario, cuas piraguas deitadas nel arena, el mar trespante y calmo, el agua trempada y el día soliao, fixeron qu'as dúas horas de descanso pasaran volando. Muitos aprovecharon el tempo pra dar úa volta pola praya y pegar úa chumbada nel augua dende as penas que la zarran por entrambos llaos.

El último treito llevóu a os piragüistas hasta el punto final del día en Castropol. Antias d'entrar na ría, el grupo pasóu polas Pantorgas, islas entre as prayas da Ribeira (Santa Gadía) y Penarronda, unde os pasos estreitos entre as pedras fixeron a todo el mundo navegar ben atento.

Na punta máis occidental da costa asturiana, na Punta da Cruz, embocóu a xeira na Ría, aproveitando a enchente del mar. A organización calculóu ben as mareas y as piraguas chegaron al muelle castropoleño mesmo al hora da pleamar. Tamén aquí a xente miróu con curiosidá a chegada d'úa comitiva tan pouco común. A os participantes aguardábanlos os coches, úa furgoneta taxi y un remolque pra llevar as personas y el material camín da praya de Porcía, unde taban instaladas úas duchas calentes.

Despóis da xeira —y nunca miyor dito—, nun podía faltar úa cía pra repoñer forzas. Al mesón qu'hai derriba da praya foron chegando todos, d'esta volta andando y con muita fame. Xuntáronse, cuntado familiares dos participantes y xente del equipo d'apoyo, úas sesenta personas núa animada y llarga cía que brindóu el Conceyo del Franco. A noite acabóu con muito bon ambiente... pra ús máis tarde que pra outros.

Último día, con folaxe

El segundo día el recorrido previsto era máis curtio, salindo da praya de Porcía d'esta vez en dirección este. Antias esperaba outro almuerzo curioso y el reparto d'úa camiseta a os participantes como recordo da primera xeira en kayak de mar.

Salindo da praya, as piraguas puxeron proa hacia El Porto pasando por fora del Cabo Branco. Tamén el día taba de sol pero había della de folaxe y a entrada nel Porto foi un pouco máis amolada pra os que taban menos adoitos. Al cabo, todos entraron ben y a organización decidíu volver pra Porcía y nun seguir máis pral este. Os máis inespertos xa desembarcaron nel Porto y lleváronlos en coche al campamento. A os máis avezaos esperábalos úa volta con us rumbos de mar de fondo mui alegres, sempre acompañaos, eso si, por lanchas d'apoyo.

Al mediodía os piragüistas xuntáronse prá despedida. Todos tían mui claro qu'a xeira fora un éxito gracias a muita xente que puxera agayo, ilusión y trabayo nesta primeira edición. A segunda *Xeira en kayak de mar* pral ano 2002 ta asegurada.



EL MAZCATO PRESO



Úa das cousas que máis prestan del piragüismo nel mar é el cerca que se poden ver engalar os páxaros maríos. El que foi úa coincidencia foi el caso que nos pasóu nesta primeira Xeira.

El segundo día, xa de volta pra Porcía, os piragüistas topámonos con un mazcato nel augua, movendo desesperao as alas. Achegámonos hasta allí y vimos que taba preso: tragara un anzolo d'un apareyo de pesca, cousa que pasa a miudo y máis condo os apareyos tán varios días nel mar. Según estimacióis d'especialistas na cuestión, son camín das 6.000 as aves marías que morren al ano d'este xeito nas auguas asturianas y, d'ellas, úa cuarta parte son mazcatos.

Fomos quen a cortar a tansa y embarcar el páxaro, asustao de tantos manexos y con aquel ferro metido nel gorgoleiro. Entre os piragüistas había un veterinario que, col sou instrumental y col axuda d'outros participantes, puido botar úa ouyuada nel mazcato. Pinta qu'el anzolo fora baxando pra dentro y nun houbo xeito de sacaryo. Con un pouco de sorte, el anzolo acabaría acantuaou nel potente aparato dixestivo del mazcato sin ferye ningún mal. A lo menos eso queríamos pensar mentres el páxaro marchaba engalando, por fin ceibe, mar adentro.

